

# MEMORIA ANUAL 2006

verdegaia

Con esta pequena memoria, dirixida aos socios e socias de Verdegaia e a toda a sociedade, queremos presentarche a asociación ecoloxista Verdegaia e o máis destacado do seu labor ao longo de 2006. Facémolo porque acreditamos na transparencia e porque considerámonos obrigados perante a cidadanía a rendirmos contas do noso traballo.

## INTRODUCCIÓN

## QUEN SOMOS?

Verdegaia, fundada o 2 de abril de 2006, é unha asociación ecoloxista galega sen ánimo de lucro, plural, democrática, apartidaria e independente, constituída co obxecto de contribuír desde Galicia para a defensa do ambiente e o avance na transformación social e mundial en termos de sustentabilidade ecolóxica, xustiza social e paz.

O noso estilo de traballo pretende ser fiel a un conxunto de principios, entre os que figuran a participación dos socios e socias, o rigor e a existencia crítica, a paridade, a planificación ou a transparencia.

Territorialmente, organizámonos en núcleos de ámbito comarcal. En 2006, estiveron activos catro: Ferrol, Eume e Ortegal; Ourense; Santiago de Compostela e Vigo.

A 31 de decembro de 2006, Verdegaia contaba con 156 socios e socias, dos cais uns 40 eran activistas. Todo o traballo de Verdegaia descansa no compromiso voluntario, pois carecemos de persoas contratadas.



## SUMANDO FORZAS

O da acción en rede é un dos principios básicos de traballo de Verdegaia e aplícase tanto interna como externamente. No plano externo, isto supón colaborar con outras organizacións, procurando xerar sinerxías.

Formamos parte da Federación Ecoloxista Galega ([www.federacionecoloxista.org](http://www.federacionecoloxista.org)), mantemos unha relación estreita coa confederación estatal Ecologistas en Acción ([www.ecologistasenaccion.org](http://www.ecologistasenaccion.org)) -da que somos a organización referente en Galicia-, e colaboramos tamén con outras organizacións de defensa ambiental ou de solidariedade.

Propuxemos e impulsamos a creación da rede Litoral Vivo ([www.verdegaia.org/redelitoralvivo](http://www.verdegaia.org/redelitoralvivo)), que agrupa a plataformas e asociacións defensoras da costa galega.

Participamos na Coordinadora Estatal en Defensa do Ferrocarril Público ([www.plataformaferrocarril.org](http://www.plataformaferrocarril.org)) e somos socios da organización que promove a certificación forestal FSC no Estado español ([www.fsc-spain.org](http://www.fsc-spain.org)).

A nivel comarcal, tamén participamos en diversas plataformas ou colaboramos con outras organizacións.



# QUE FIXEMOS ?

Verdegaia quere fomentar unha cidadanía activa disposta a loitar contra a deterioración ambiental e a xerar cambios en valores, políticas e prácticas para avanzar cara a sustentabilidade. Para iso, organiza e apoia accións de diferente natureza: de sensibilización, denuncias, propostas, mobilizacións,... Aquí presentámosche un breve resumo do traballo que desenvolvemos ao longo de 2006 en diversas áreas temáticas, traballo sobre o que podes obter máis información consultando a nosa web ([www.verdegaia.org](http://www.verdegaia.org)).



## Sustentabilidade

Adiantándonos á presentación da Estratexia de Desenvolvemento Sustentable por parte da Xunta, lanzamos o documento “Cara a unha Galicia sustentable”, con propostas de cara á súa elaboración. Para tentarmos influír no interrompido proceso de reforma do Estatuto de Autonomía, presentamos un documento con propostas que pretendían situar a sustentabilidade no centro das preocupacións do Estatuto.

## Enerxía e cambio climático

Elaboramos un informe sobre a contribución das centrais térmicas galegas ao cambio climático, que se fixo público cunha acción fronte á Xunta. Presentouse unha moción nos Concellos das principais cidades con propostas de medidas para implementar estratexias municipais de cambio climático, aceptada case na súa totalidade en Ferrol e parcialmente en Vigo. Adaptouse á realidade

## Montes e incendios forestais

Por un lado, tentáronse achegar análises rigorosas e solucións posíbeis, principalmente, a través da organización dunhas xornadas divulgativas en Vigo, dun informe sobre a vaga de lumes de agosto e do documento “Os incendios en Galicia. Análise e propostas”. Por outro lado, colaborouse en labores de vixilancia dos montes nas comarcas de Ferrol, Ourense e Vigo.



## Transporte

Organizamos dous roteiros en bicicleta (Costa da Morte e Limia), combinando o transporte sustentable co desfrute da natureza. Impulsamos un proxecto para fomentar o uso habitual da bicicleta en Galicia como medio de transporte. Organizamos en Santiago unha marcha dentro da xornada de mobilización estatal “Con bici, sen CO2”. Creamos a web da Coordinadora Estatal en Defensa do Ferrocarril Público, da que facemos parte, e participamos nas VII Xornadas en Defensa do Ferrocarril. Participamos activamente nas masas críticas de Santiago, Vigo e A Coruña.



# MERCADIÑO DE TROCO

verdegaia

www.verdegaia.org

CONSUMES  
ou  
devoras



## Biodiversidade

Iniciamos unha campaña en defensa da Rede Natura 2000, con diversas accións (recolla de información, roteiros, denuncias,...) en relación con algúns espazos (Costa Ártabra, Gándaras de Budiño, Veigas de Ponteliñares,...). Organizamos a exposición en defensa das dunas elaborada pola FEG nas cidades de Ferrol, Santiago e Vigo. Difundimos información sobre a fauna e a flora galega ameazadas con motivo do Día da Biodiversidade.

## Litoral

Presentáronse comentarios ao anteproxecto de lei de medidas urxentes de ordenamento do litoral e en relación ao Plano Sectorial de Piscifactorías da Xunta. Os núcleos comarcais de Ferrol e de Vigo desenvolveron distintas actividades (alegacións, roteiros, participación en mobilizacións,) orientadas á defensa do litoral.

## Educación ambiental

Todos os núcleos comarcais organizaron polo menos un roteiro para axudar a divulgar os valores do noso medio natural. Tamén se impulsaron de forma periódica actividades de educación ambiental dirixidas a nenos e nenas en Santiago e en Vigo. En Santiago, organizamos accións por un consumo responsable, entre as que destacou a celebración dun mercadiño de troco na rúa. O 12 de decembro organizamos un mercadiño de troco en Compostela. Na mesma semana, promovemos coa Sociedade Galega de Educación Ambiental (SGEA) a exposición "Consume hasta morir" ([www.consumehasta morir.org](http://www.consumehasta morir.org)).

## Globalización e paz

Apoiouse a campaña pola obxección fiscal e ademais difundimos diversas ciberaccións e campañas a través da nosa web. Preparouse un taller sobre débeda ecolóxica.

## COMUNICACIÓN PARA O CAMBIO

Consideramos que a comunicación é unha ferramenta fundamental para a consecución dos nosos fins, para promovermos a transformación social cara a sustentabilidade. Por iso, creamos diversos medios para transmitir a nosa mensaxe á cidadanía, entre os que salientamos a nosa web, que recibiu entre xuño e decembro un total de 22.488 visitas. Tamén editamos o boletín impreso semestral Fiando Verde e un boletín electrónico bimensual. Alén diso, e como proxecto autónomo de Verdegaia, impulsamos a creación da revista electrónica Cos Pés na Terra ([www.cospesnaterra.info](http://www.cospesnaterra.info)). E como xeito de destacarmos a mellor e a peor actuación ambiental creamos un premio que na edición galega de 2006 foi entregado ao Foro Social de Cangas (mellor actuación) e á empresa Brenntag (peor actuación).




## COMO NOS FINANCIAMOS?


En 2006, ingresamos 5.295 € e gastamos 3.745 €. Non recibimos fondos públicos, aínda que Verdegaia non renuncia a solicitar e aceptar axudas públicas, sempre sen comprometer a súa independencia e salvaguardando o principio de transparencia e pluralidade no financiamento. Este principio, xunto co resto dos nosos principios de organización, concretámolo e fixémolo público a través da web

## Orixe e destino dos fondos

Ingresos 2006



Gastos 2006



En primeiro lugar, queremos agradecer a confianza e o apoio de todos os socios e socias de Verdegaia. Tamén queremos dar as grazas a todas as organizacións que traballaron connosco na organización conxunta de diferentes actividades. E tampouco queremos esquecer a colaboración doutras persoas e entidades que nos achegaron a súa valiosa axuda de diferentes xeitos.

**Como podes contactar connosco?** Apartado de correos 49.  
15780 Santiago de Compostela  
info@verdegaia.org  
www.verdegaia.org

# GRAZAS!